

Ditado 0

O meu avó rega a horta coa mangueira.

Miguel toca a guitarra debaixo do carballo.

Había moitos pingüíns onde fomos de vacacións.

Guillerme sacou a lingüeta dos deportivos.

Ditado 1

Nunha caixa había algunhas larpeiradas.

A parella come lentellas.

Os maiores prefiren as illas para vivir.

A pereira, a maceira, a cerdeira, a nogueira e a oliveira están cheas de froita.

Ditado 2

Guillerme é Águeda son unha parella de coellos xigantes. Ela é garda urbana e sempre leva a gorra posta. El é adegueiro e gústalle comer ben. Ámbolos dous son moi larpeiros, sempre comen guisos de legumes, galletas untadas con manteiga e figos.

Ditado 3

Brais está so é aburrido na casa. Veu Cristina chamalo para pasear na bicicleta. Chegaron á beira do río e observaron os animais e as plantas. Despois do paseo atopouse canso pero moi feliz.

Ditado 4

Paquita é unha nena moi riquiña. Ten unhas botas de tacos de goma para xogar ao fútbol cos seus amigos. Cando está cansa senta nun banco que hai á beira do campo.

Ditado 5

A miña amiga Águeda feriu-se cun cravo. Tivo que ir ao centro de saúde. O médico agarrou a xiringa. Fregoulle o brazo con alcohol e deseguido lle cravou a agulla.

Ditado 6

Miña nai mercou unha ducia de ovos.

No parque puxeron un banco de madeira.

No peirao había un barco de vela.

Atopei unha vela no aniversario da miña nai.

A miña avoa foi por cartos ao banco.

Ditado 7

Onte fomos de excursión ao monte. Levounos Uxío, o chofer. É moi simpático. Dixo que facía un exquisito zume de cereixas. A mestra ensinounos xílgaros, miñatos, os camiños dos xabaríns e explicounos que polas noites vese a galaxia Vía Láctea que guiou aos peregrinos a Santiago.

Ditado 8

O meu amigo Guillermo ten un albornoz de baño coa capucha de pingüín. Regaloulle a avoa de Sigüeiro polo seu aniversario. Agora lóceo cando vai á piscina.

Ditado 9

Amparo e Umberto viven nunha casa de campo. Cando chega o bo tempo, convídannos a acampar na súa casa, e sempre vemos coellos, raposos, esquíos... Pasámolo bomba!

Ditado 10

Branca fabrica uns xoguetes de madeira increíbles. Antes doábaos á gardaría pública. Pero fixo tantos que en abril abrirá unha tenda. Esperemos que teña éxito.

Ditado 11

Uxío e Ana traballan hoxe na horta. Mentres Uxío colle tomates, Ana rega as leitugas. Despois, os dous sementan feixóns e fabas. Bo traballo!

Ditado 12

Algũa vez fuches ao Museo de Ciencias?

Ao meu irmán e a min encántanos. Sabes que sala nos gusta máis?
A Sala do Espazo. E ti, que sala visitarías?

Ditado 13

Na televisión vin unha película de animais.

Sacan animais voadores, grandes e pequenos.

Había unha xoaniña zugando nun chuchamel, paxaros nocturnos coma o moucho e paxaros carniceiros coma o bufo. Outros camiñaban a catro patas: xabaríns, xirafas, chimpancés...Mentres merendei chocolate ao chegar ao colexio ao día seguinte conteillo aos meus amigos.